



BONO SOCIAL ELÉCTRICO



XUNTA DE GALICIA

www.xunta.gal

Teléfono gratuito de atención
900 23 11 23

1. Bono social

→ Que é?

- É unha axuda estatal que consiste nun desconto do 25% ou 40% que se aplica na factura da luz ás persoas consumidoras vulnerables/vulnerables severas acollidas á tarifa regulada (PVPC) na súa vivenda habitual.

→ Quen o pode solicitar?

- Persoas consumidoras que perciban a pensión mínima da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente e non perciban outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.
- Persoas consumidoras cuxa renda anual sexa igual ou inferior aos límites establecidos (<https://www.bonosocial.gob.es/#requisitos>).
- Familias numerosas.

2. Axudas da Comunidade Autónoma de Galicia

Galicia é a primeira comunidade autónoma que completa o bono social do Estado para garantir ás persoas consumidoras en risco de exclusión social o acceso continuado á subministración eléctrica.

→ Requisitos para beneficiarse

- Ser residente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ser titular do contrato de subministración eléctrica.
- Ser persoa beneficiaria do desconto do 40% no bono social.
- Estar en risco de exclusión social (acreditado mediante certificado ou informe dos servizos sociais).

→ Prazo de presentación

- Ata o 30 de novembro.

→ Presentación de solicitudes

- Presencial: no rexistro do Concello ou nas oficinas das xefaturas territoriais da Xunta.
- Telemática: mediante o formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN414D>
- As persoas interesadas poderán autorizar os empregados/as públi-

cos da Consellería de Economía, Emprego e Industria ou os/as traballadores/as sociais dos Concellos e da Xunta para realizar a presentación telemática.

→ Gasto subvencionable

- 50% do importe das facturas de electricidade, co límite de 300€/ano, ou 450€/ano no caso das familias numerosas.

→ Documentación necesaria

- Documento acreditativo de beneficiarse do bono social para persoas consumidoras vulnerables severas. Poderá acreditarse mediante copia dunha factura na que figure aplicado o desconto do 40 % do bono social para persoas consumidoras vulnerables severas.
- Certificado ou informe social emitido polos servizos sociais de que a persoa solicitante está en risco de exclusión social, salvo que sexa beneficiaria da RISGA e non se opoña á consulta.
- De ser o caso, título en vigor de familia numerosa.
- De ser o caso, autorización aos/ás empregados/as públicos correspondentes para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa a esta orde de axudas.